

## Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

16-09-2020

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria do 27/07/2020
2. Comezo do curso académico 2020-2021
3. Informes
4. Validacións e recoñecementos
5. Proposta nomeamento coordinadora de 1º Curso
6. Quenda aberta

**Asistentes:** M.S. Freire, JM Garrido, R.A. Guerra, A. Mosquera, A Val, E Rodil

**Excusan a súa asistencia:** MA Sotelo

O día 16 de setembro ás 10:00 h na sala X3.1 e por videoconferencia (MS Teams), reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### **1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria do 27/07/2020**

Apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria da Comisión da Titulación do 27/07/2020.

### **2. Comezo do curso académico 2020-2021**

Este punto trátase xunto coa comisión de Calidade do Departamento de Enxeñaría Química. O obxectivo é prantexar recomendacións para a docencia de laboratorio experimental. Acordase recomendar aos docentes de prácticas de laboratorio experimental o seguinte:

- Que sexan os alumnos os que formen os seus grupos para favorecer o traballo conxunto de aqueles que xa teñen actividade social entre eles.

- Que en cada sesión se lle asigne aos diferentes grupos prácticas que estean localizadas á maior distancia posible entre elas.
- En caso de que o docente pida a elaboración de libreta de prácticas se algún alumno do grupo non quere que sexa compartida propónse como alternativas pedir unha a cada alumno ou diminuir o contacto coa mesma asignando como responsable da elaboración de cada práctica a un alumno do grupo diferente.

### 3. Informes

#### 3.1. Plan executivo de Calidade da ETSE. Docencia e xestión da información.

A coordinadora de grao informa sobre o plan executivo de calidade da ETSE salientando á importancia de que recolle as actividades relacionadas co seguimento do título e aquelas relacionadas coa xestión da información para a súa difusión no centro.

#### 3.2. Reunións

7/09/2020	Reunión coa dirección da ETSE, coordinadores de título de directores de departamento para falar da organización do comezo do curso 2020-21.
11/09/2020	Reunión coa dirección da ETSE e coordinadores de GrEQ e GrEI para organizar a xornada de benvida aos alumnos de primeiro curso do día 21/09/2020.
15/09/2020	Reunión da comisión de calidade da ETSE na que se aprobou a memoria de calidade 2018-2019 accións de mellora.

### 4. Validacións e recoñecementos

#### 3.1. S.C.R.

Ingeniería Química (Universidad de Salamanca)

Materias de formación básica recoñecidas:

- Física I (6 créditos)
- Física II (6 créditos)
- Química Inorgánica (6 créditos)
- Química Física (4,5 créditos)
- Experimentación en química (7,5 créditos)
- Estadística (6 créditos)

- Matemáticas II (6 créditos)
- Informática (6 créditos)
- Química Orgánica (6 créditos)
- Economía de la empresa y organización industrial (6 ECTS)

Materias que ten que cursar para completar a formación básica:

Ecuacións diferenciais (G4021201)

Expresión gráfica (G4021202)

Outras Materias Recoñecidas:

Materia cursada na Universidade de Salamanca		Equivalente na USC	
Materia	ECTS	Materia	ECTS
Introducción a la biología aplicada a bioprocesos (optativa)	3,0	Optativa	3,0

## 5. Proposta nomeamento coordinadora de 1º Curso

A coordinadora de 1º Curso Amaya Franco Uría presenta a súa renuncia con data do 9 de setembro de 2020. Dende a coordinación agradéceselle a súa labor nesta actividade que foi especialmente intensa durante a pandemia da COVID-19.


No seu lugar propónse a Marta Carballa Arcos como nova coordinadora de 1º Curso do Grao.

## 6. Quenda aberta

E.R. indica que neste curso académico non ten docencia en 2º curso. Aínda así dende a comisión do título decídese que continúe como coordinadora deste curso dadas as necesidades derivadas da especial situación xurdida da pandemia da COVID-19 e tendo en conta que unha situación similar xa ocorreu en outros anos.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 11:15 h.

En Santiago de Compostela, a 16 de setembro de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao

 : @etse\_usc @EnxQuim\_USC